

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO 12 DE XUÑO DO 2024**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día doce de xuño do dous mil vinte e catro, reúnenos os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás dezaioito horas e trinta minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, D^a Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, D^a Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D^a María Luisa Vázquez López e D. Emilio Iván Vázquez Rdoríguez.

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste o concelleiro D. Manuel Luaces Fernández.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- DECLARACIÓN DA URXENCIA

Sometido a votación a urxencia apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e do concelleiro do Grupo municipal do BNG, catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e un voto en contra do concelleiro do grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO, DIRECCIÓN, EXECUCIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL A PINGUELA.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

1. *Anteproyecto Técnico de “REFORMA DE LA PISCINA MUNICIPAL DE A PINGUELA”, redactado por GEN Arquitectos en septiembre 2023 y la adenda de mayo 2024 (NRE 2024 14114, de 03.06.2024), por un importe total de ejecución IVA incluido de 2.047.009,42 € (incluyendo honorarios de redacción de proyecto y*

Acta pleno extraordinario e urxente 12.06.24



dirección de obra) y un plazo total de ejecución de 315 días (45 días para redacción de proyecto y 270 para ejecución de obras).

2. RC núm. 2024 22008460, con cargo a la aplicación presupuestaria 342 63201, por importe de 2.047.009,42 €.

3. Informe de la Arquitecta municipal, de fecha 04.06.2024, en el que se pone de manifiesto la necesidad de la contratación de la obra y la especial singularidad de la actuación, que justifica la licitación conjunta de redacción de proyecto y ejecución de obra.

4. Providencia del Concejal de Deportes de 04.06.2024, en la que se dispone que se lleven a cabo todas las actuaciones que resulten oportunas para la contratación hasta su formalización, de conformidad con la legislación vigente, por procedimiento abierto, sin división en lotes, forma de adjudicación concurso con varios criterios y con un plazo de ejecución de 315 días de la actuación señalada.

5. Pliegos de cláusulas administrativas particulares por el que se regirá la licitación, de fecha 06.06.2024.

6. Informe jurídico de Secretaría de fecha 06.06.2024, favorable a la tramitación del expediente.

7. Informe de fiscalización de fecha 06.06.2024, favorable a la tramitación del expediente.

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

1.- De acuerdo con el 25.1 de la Ley 7 /1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local (LRBRL) el Ayuntamiento, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal.

2. El artículo 25.2 d) de la LRBRL cita, entre las competencias propias de los Municipios las de "Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre".

3. El Ayuntamiento de Monforte de Lemos carece en la actualidad de los medios materiales necesarios, así como, del personal cualificado para la ejecución de la obra, lo que justifica la necesidad de acudir a la contratación externa.

4. Los artículos 156 a 158 de la Ley 9/2017, do 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014,(en adelante LCSP), permiten tramitar el expediente de contratación de esta obra por procedimiento abierto, por razón de su cuantía, ya que su valor estimado es de 1.691.743,32 €, más IVA, inferior por tanto a los 5.538.000 de euros y porque se establecen como criterios de adjudicación conceptos objetivos y conceptos evaluables mediante juicio de valor.

5. Según lo recogido en el artículo 22 de la LRBRL, el artículo 51 del ROF y la Disposición Adicional novena del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento general de la ley de contratos de las Administraciones públicas (RGLAP), las competencias atribuidas al Pleno como órgano de contratación podrán ser atribuidas al Alcalde o a la Junta de Gobierno Local.

*Por cuanto antecede, al Pleno de la Corporación se eleva la siguiente **PROPUESTA DE ACORDO**:*

1º.- APROBAR el Anteproyecto Técnico de “REFORMA DE LA PISCINA MUNICIPAL DE A PINGUELA”, redactado por GEN Arquitectos en septiembre 2023 y la adenda de mayo 2024 (NRE 2024 14114, de 03.06.2024), por un importe total de ejecución IVA incluido de 2.047.009,42 € (incluyendo honorarios de redacción de proyecto y dirección de obra) y un plazo total de ejecución de 315 días (45 días para redacción de proyecto y 270 para ejecución de obras).

2º.- APROBAR el expediente de contratación de REDACCIÓN DE PROYECTO, DIRECCIÓN FACULTATIVA Y EJECUCIÓN DE LA OBRA DE REFORMA DE PISCINA MUNICIPAL DE A PINGUELA DE MONFORTE DE LEMOS (2024 CONTR-0015) por el importe referido.

3º.- APROBAR el Pliego de Cláusulas Administrativas que regirá dicha contratación.

4º.- APROBAR el gasto correspondiente, con cargo a la aplicación presupuestaria 642 63201 del vigente presupuesto municipal

5º.- DISPONER la apertura de la adjudicación mediante procedimiento abierto y tramitación ordinaria al amparo de los artículos 156 a 158 de la LCSP, al existir un presupuesto con un valor estimado inferior a 5.538.000 €

6º.- DELEGAR en la Junta de Gobierno Local todos los trámites y actuaciones necesarios para la adjudicación, formalización y ejecución del presente expediente de contratación.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde explicando o motivo da urxencia neste expediente e dando a información a groso modo do expediente.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que isto non é unha urxencia real, é a presa que lle queira meter cada un. Di que eles estiveron vedno todo o tema constructivo parécelle ben. Gustaríalle tamén que traballaran tamén o tema da licitación da piscina.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que eles votaron a favor da urxencia, por calidade democrática, independemente que ás veces se colla con pinzas, entenden que a piscina forma parte desa urxnecia, é certo que antes que se fagan as cousas antes rematan. Di que o tema da piscina é unha necesidade, máis que un gasto é unha inversión, estando nas condicións que está se perden cartos. Di que eles neste punto vanse abster, pois tiveron dende o venres dous días hábiles, pero que si viron por riba que se adapta, é unha obra moi parella ao do pavillón, soamente pide que se faga e que se acabe en tempo e forma, que se fagan as cousas como veñen no proxecto, ás veces as presas levan a cometer erros, que se faga unha obra de calidade que disfruten todos cantos antes.

Intervén o Sr. Alcalde di que levará paneis solares, estase licitación o proxecto. Agora vai, antes non foi pero vostede debería saber que antes non foi porque non había presuposto. Dille a D. Emilio que efectivamente, se se ten este pleno non e por outra máis que para a piscina, para isto non sobra tempo, unha cousa é sobre o papel van saír unhas datas, é raro que non se alarguen. Eles queren que se fagan ben as cousas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que el non dixo que agora vai polo tema da piscina, era do tema da licitación, escoite. Falou da licitación que está TRAGSA, que a maiores do tema da piscina que vaia o resto, non cre que estes 12 días non teña nada que ver, a piscina vai pechar o mesmo día e vaiase abrir no mesmo día.

Intervén o Sr. Alcalde daríalle gusto que vostede D. Germán se entende así mesmo, a licitación e quitar a contratación unha obra, fala vostede do resto que será a xestión da piscina que será posterior á obra, licitar é cando sacas o concurso dunha obra, e unha vez rematada a obra hai que quitar o concurso para que o xestione unha empresa.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

3º.- ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“1º.- Con data 29.04.2024 o Pleno do Concello prestou aprobación inicial ao Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Monforte de Lemos, no que sinala no seu punto terceiro:”.-Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional”.

2º.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 093 de 22 de abril do 2024, inseriuse anuncio relativo á exposición pública da aprobación inicial do citado regulamento.

3º.- No período de exposición pública non se presentaron alegacións.

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Tomar razón da elevación a definitivo do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Monforte de Lemos, do seguinte tenor literal:*

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I.- DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

CAPITULO I.- OBXECTO E CLASIFICACIÓN DE HONRAS

CAPITULO II.- DEFINICIÓN DAS DISTINCIÓNS

CAPÍTULO III.- PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

TÍTULO II.- DA SIMBOLOXÍA CORPORATIVA

TÍTULO III.- DO/DA CRONISTA OFICIAL DA CIDADE

TÍTULO IV.- DA DENOMINACIÓN DE RÚAS, EDIFICIOS PÚBLICOS E MONUMENTOS

TÍTULO V.- DA MENCIÓN HONORÍFICA ESPECIAL E OUTROS RECOÑECIMENTOS

TÍTULO VI.- DO REXISTRO DE HONRAS E DISTINCIÓNS

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. *Incorporación ó Rexistro de Honras e Distinciós*

SEGUNDA. *Consideración de altos cargos da Administración*

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA. *Entrada en vigor*

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No artigo 140 da Constitución española de 1978, conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecendo que o seu goberno e administración correspondente ós respectivos concellos.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula, no seu título VI, a iniciativa legislativa e a potestade de ditar regulamentos e outras disposicións.

A regulación contida no título VI desta lei é de aplicación ás entidades locais, isto significa que, desde a súa entrada en vigor, resultan de aplicación os principios de boa regulación descritos no artigo 129: principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Este texto normativo pretende responder a obxectivos de interese xeral claramente identificados para regular unicamente as medidas adecuadas e imprescindibles para conseguilos.

A adecuación aos principios de necesidade e eficacia explícase polo obxecto que persegue esta disposición, que é contar cun texto normativo que se adapte ás necesidades actuais, de acordo coa realidade política, social e cultural existente na nosa sociedade.

En relación co principio de proporcionalidade, esta disposición contén unha regulación imprescindible sen que se apliquen medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigacións ás persoas destinatarias.

O regulamento adecúase ao principio de seguridade xurídica porque regula por primeira vez o réxime xurídico do ou da cronista da cidade ou a creación dun

Rexistro de Honras e Distincións que ata o de agora non tiñan unha regulación concreta e precisa. É oportuno destacar que garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, e contribúe a xerar un marco normativo estable, integrado e claro.

O principio de eficiencia maniféstase no feito de que non impón cargas administrativas, e a adecuación ao principio de transparencia parte da clara definición dos obxectivos da norma así como o cumprimento dos trámites establecidos no procedemento a tal fin.

No ámbito da Administración local, o artigo 128 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que o exercicio da potestade regulamentaria corresponde aos órganos de goberno local, de acordo co previsto na Constitución, os estatutos de autonomía e na Lei 7 /1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos do 186 ó 190, a regular as honras e distincións das entidades locais. Así, no artigo 189 sinalase que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como para acordar nomeamentos de fillos e fillas predilectos/as e adoptivos/as e de persoal honorario da corporación, tendo en conta dos méritos, calidades e circunstancias singulares que nas persoas galardoadas concorran e que serán aplicados co maior rigor en expediente que se instruírá para o efecto.

Na actualidade, non existe normativa en materia de concesión de honras e distincións do Concello de Monforte de Lemos polo que é preciso contar cunha norma que regule a materia, garantindo un cauce administrativo que permita que os actos ditados ó seu amparo estean debidamente motivados e que, en definitiva, procurando que a concesión de honras acumule un prestixio social das distincións concedidas que son recibidas polas súas ilustres persoas nomeadas e polo conxunto da sociedade como verdadeiros recoñecementos xeradores de alta honra para as persoas destinatarias e para o propio Concello, que as concede.

TÍTULO PRIMEIRO

DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I

OBXECTO E CLASIFICACIÓN DE HONRAS

Artigo 1. *Co fin de recoñecer especiais merecementos, servizos extraordinarios, traballos valiosos en calquera dos aspectos cultural, científico, artístico, deportivo, económico, profesional, social, político ou achegas singulares prestadas á cidade, o Concello poderá conferir algunhas das recompensas honoríficas que a continuación se indican:*

- *Nomeamento de fillo predilecto ou adoptivo, ou filla predilecta ou adoptiva.*
- *Medalla da Cidade na súa categoría de ouro e prata*
- *Chave da Cidade.*
- *Medalla de Gratitude de Monforte de Lemos.*
- *Nomeamento de cidadán honorario ou cidadá honoraria.*

Estas honras e distincións poderán ser concedidas tamén como póstuma homenaxe, tras o falecemento de personalidades nas que concorresen os merecementos citados.

Artigo 2. *Non poderá concederse ningunha honra ou distinción ás persoas que ostenten altos cargos de calquera administración respecto a cal o Concello teña relación polas diferentes funcións ou servizos, mentres se manteña esta circunstancia.*

Artigo 3. *Todas as distincións a que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.*

O recoñecemento concedido da dereito, a quen se lle concede, sexa persoa individual ou colectivo, a utilizalo e reproducilo en comunicacións, membretes, papelería e calquera outro soporte físico ou dixital.

CAPÍTULO II

DEFINICIÓN DAS HONRAS E DISTINCIONES

FILLO/A ADOPTIVO/A E PREDILECTO/A

Artigo 4. *O nomeamento de fillo predilecto ou filla predilecta só poderá recaer en persoas que nacesen na cidade de Monforte de Lemos.*

O nomeamento de fillo adoptivo ou filla adoptiva poderá conferirse ás persoas que nacesen fóra do municipio de Monforte de Lemos.

Artigo 5. *Os nomeamentos de fillo predilecto ou filla predilecta e fillo adoptivo ou filla adoptiva, pola gran honra que os mesmos supoñen, concederanse cando haxa motivos suficientes.*

MEDALLA DA CIDADE

Artigo 6. *A Medalla da Cidade terá tres categorías: medalla de ouro, prata e bronce, segundo a importancia dos feitos que trate de recoñecer e segundo a historia e a tradición das institucións galardoadas.*

Esta condecoración ten por obxecto recompensar os méritos que se contraeron por traballos en favor da cidade que contribuísen ó seu progreso e desenvolvemento, directa ou indirectamente.

Artigo 7. *A Medalla da Cidade poderá concederse a título individual por concorrer calidades persoais, políticas, profesionais, culturais, artísticas, deportivas ou sociais de significación relevante; ou a entidades, institucións ou colectivos que levasen a cabo un labor destacado en determinadas actividades profesionais, laborais, culturais, artísticas ou sociais para o municipio de Monforte de Lemos.*

Esta medalla dá dereito á persoa a quen se lle concede a usala en calquera acto público e se fose algunha entidade ou corporación a colocala na súa bandeira, estandarte ou insignia.

Artigo 8. *A Medalla da Cidade presentará as seguintes características:*

A medalla en todas as súas clases terá a forma do Escudo de Monforte de Lemos pola face e lisa polo envés para gravar texto.

CHAVE DA CIDADE

Artigo 9. *A distinción consistente na entrega da Chave da Cidade supón e representa a particular consideración que a cidade concede a quen as outorga, sen que iso supoña dereito especial algún.*

MEDALLA DE GRATITUDE

Artigo 10. *A Medalla de Gratitude de Monforte de Lemos ten como único fin deixar constancia pública do agradecemento da cidade a cantas autoridades, organismos e corporacións públicas ou privadas e persoas particulares que, con motivo de calamidades públicas sufridas pola mesma, fixesen en beneficio de Monforte de Lemos e a súa cidadanía esforzos e sacrificios que lles fagan dignos do devandito recoñecemento.*

Tales feitos ou achegas poden concretarse nos seguintes casos:

- a) *Distinguirse de maneira relevante no salvamento das persoas ou bens de interese público.*

- b) *Que nos días de maior necesidade prestasen voluntaria e desinteresada cooperación ós servizos públicos.*
- c) *Que coa súa iniciativa e esforzo persoal contribuísen a prestar axuda para remediar ou reparar as circunstancias da catástrofe.*
- d) *Que tivesen un papel relevante na normalización dos servizos e reparación dos danos sufridos.*

A Medalla da gratitude será dunha soa clase, en prata de lei con baño de ouro e terá a forma do Escudo de Monforte de Lemos pola face e o reverso conservarase liso para poder gravar o nome da persoa física ou xurídica galardoada e a data da concesión.

CAPÍTULO III

PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

Artigo 11. *Para a concesión de calquera das honras e distincións que son obxecto deste regulamento será indispensable a incoación do oportuno expediente para a determinación dos méritos ou circunstancias que aconsellan ou xustifican o seu outorgamento.*

Artigo 12. *O expediente poderá iniciarse por unha moción da Alcaldía-Presidencia ou concellería en quen delegue, a proposta da maioría absoluta dos/as membros da corporación, a proposta dos grupos políticos a través das portavocías, sempre que representen un terzo, ou tamén por solicitude razoada de entidades, centros de carácter oficial, institucións, sociedades ou fundacións ou asociacións cidadás debidamente constituídas.*

Para o caso de iniciativas cidadás, necesitarase que sexan subscritas polo menos por 500 solicitudes como mínimo.

Artigo 13. *Toda proposta haberá de fundamentarse en feitos concretos que xustifiquen méritos proporcionados á importancia da distinción no campo de que se trate.*

Artigo 14. *Por decreto de Alcaldía dispoñerase que a instrución do mesmo corresponderá a un concelleiro ou concelleira que designe a Alcaldía, quen practicará todas as informacións, probas e dilixencias que estime convenientes para aquilatar os merecementos da persoa ou entidade proposta, debendo constar fidedignamente os servizos, feitos ou actuacións que motiven a concesión das distincións de que se trate.*

Artigo 15. *Ultimado o expediente, o instructor ou a instrutora do mesmo formulará a súa proposta, e, a través da Unidade municipal competente, elevarase á Comisión*

Informativa, salvo os supostos de urxencia, a cal, previo ditame, propoñerá a concesión ou denegación da distinción de que se trate ao Pleno do Concello.

Artigo 16. *A concesión de cada unha das distincións será comunicada oficialmente ás persoas ou entidades galardoadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

Artigo 17. *Os correspondentes nomeamentos e distincións serán entregados ou impostos polo Alcalde ou a Alcaldesa nun acto solemne no salón de sesións da corporación. Asistirá o Pleno do Concello e, cando a transcendencia do galardón requírao, as autoridades e representacións que se estimen pertinentes. Excepcionalmente poderase celebrar noutro lugar que se considere adecuado e respecte a solemnidade do acto.*

Co distintivo, entregarase á persoa recoñecida un diploma acreditativo da honra outorgada, cun extracto do acordo adoptado respecto diso.

Cando se trate da concesión dunha distinción de carácter colectivo poderase impoñer á bandeira ou estandarte que simbolice.

Artigo 18. *Se calquera proposta de concesión de distinción non for resolta polo Concello dentro do prazo de tres meses desde que foi incoado o expediente, entenderase que a corporación desistiu diso e, en todo caso, haberá de incoarse novo expediente, se se estima oportuno.*

Artigo 19. *As honras e distincións poderán ser revogados se as persoas titulares realizasen actos ou manifestacións contrarias aos motivos que xustificaron a súa concesión ou que de existir ao tempo do outorgamento, non o tivesen permitido.*

A revogación será acordada polo mesmo órgano que a outorgou, previa tramitación do correspondente expediente e audiencia da persoa interesada.

TÍTULO II

DA SIMBOLOXÍA CORPORATIVA

Artigo 20. *O Concello de Monforte de Lemos é a institución representativa do territorio que abrangue o seu termo municipal, da súa historia, das súas tradicións, costumes e valores inmateriais, que dispón dunha simboloxía propia, cuxas sinais identifícanse e defínense de xeito singular e única. Dita simboloxía corporativa, esencialmente na actualidade, está conformada por:*

ESCUDO HERÁLDICO

Artigo 21. *O escudo heráldico do Concello de Monforte de Lemos foi deseñado a proposta de don Eduardo Pardo de Guevara Valdés, Presidente da Comisión de*

Heráldica da Xunta de Galicia, o 2 de setembro de 2001, e foi aprobado, inicialmente, por acordo do Pleno do Concello de Monforte de Lemos, con data 5 de novembro de 2001. O día 7 de abril de 2002 a Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia acordou informalmente favorablemente e o Consello da Xunta de Galicia, por Decreto 166/2002, de 15 de abril, procedeu á súa aprobación, sendo publicado no DOGA nº 93, de 15 de maio de 2002 (pax. 7098 e 7099). Posteriormente, con data 29 de xuño de 2002, o Pleno do Concello de Monforte de Lemos procedeu a súa aprobación definitiva.

1.- O Escudo constitúe o símbolo identificativo por excelencia do Concello e, por elo debe figurar de forma preeminente en todo tipo de soporte informativo da institución, sexa material, dixital ou calquera outro análogo.

2.- Como desenvolvemento deste Regulamento, o Concello poderá elaborar un Libro de Estilo no que de forma detallada se describa o deseño e as características de cada un dos soportes informativos, así como o procedemento para a súa utilización, tanto polos servizos do Concello como por calquera outro cidadán.

Artigo 22. *O Selo oficial é o símbolo corporativo que autentifica todo documento. O seu icono represéntase mediante o selo de estampación a unha cor, circular, de 3 centímetros de diámetro, en cuxo centro insértase o escudo heráldico coa lenda de Concello de Monforte de Lemos.*

Calquera órgano dependente do Concello previa autorización da Alcaldía, poderá dispor de imaxe identificativa complementaria á do Concello.

MEDALLA DA ALCALDÍA.

Artigo 23. *A Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos ostentará como atributo de representación unha medalla específica. Será de prata de lei con baño de ouro, en forma de óvalo alargado, en sentido perpendicular de 5 cm de alto e 4,5 cm de ancho; no que figurará no centro do anverso, en relevo e con incrustacións de esmalte, o campo do escudo heráldico do Concello en medidas de 4 cm de alto por 2,5 cm de ancho, orlando o timbre coa coroa real e ó pé con caracteres en relevo a inscrición: Alcalde ou Alcaldesa. No reverso, sobre fondo azul terá unha lenda en dourado: Excelentísimo Concello de Monforte de Lemos. O cordón da Medalla terá as cores da bandeira galega, branco e azul.*

1.- A imposición da Medalla realizarase no solemne acto de constitución da Corporación Municipal, unha vez proclamado Alcalde ou Alcaldesa, correspondéndolle esa honra á persoa que presida a mesa de idade.

2.- A Medalla de Alcalde ou Alcaldesa únicamente a ostentará o titular da mesma, mentres ocupe dito cargo. O Alcalde ou Alcaldesa poderá utilizala tanto na Casa do Concello como en calquera outro lugar coincidindo coa celebración de actos

institucionais, ou solemnes, ou calesquera outras situacións ou acontecemento oficiais que así o estime oportuno en virtude da representación que ostenta.

3.- Como acompañamento da Medalla, o Alcalde ou Alcaldesa, poderá portar, segundo os casos, outros atributos e mencións honoríficas que estableza o Concello, como o bastón de mando ou insignia en categoría de ouro.

4.- Da Medalla de Alcalde ou Alcaldesa realizarase unha copia idéntica, incluíndo no reverso o tratamento, nome e data da toma de posesión do titular, a quen se lle doará con carácter privativo en conmemoración do acceso ó cargo.

5.- Tras o cese como Alcalde ou Alcaldesa poderá seguir utilizando a Medalla a título individual, pero sen que elo prexulgue representación algunha. Esta donación leva implícita a entrega dun diploma ou pergamiño co texto alusivo ó cargo desempeñado no Concello de Monforte de Lemos e a data de entrega.

MEDALLA DE CONCELLEIRO OU CONCELLEIRA.

Artigo 24. *Os/as Concelleiros e Concelleiras, pola súa parte, ostentarán como atributo da representación do seu cargo unha Medalla específica. Será idéntica á do Alcalde ou Alcaldesa, pero no anverso, orlando o pé coa inscrición de Concelleiro ou Concelleira.*

1.- A imposición realizarase tras haber xurado ou prometido o seu cargo como Concelleiro ou Concelleira no acto solemne de constitución da Corporación Municipal, correspondendo dita honra ó recén elixido Alcalde ou Alcaldesa.

2.- A Medalla unicamente a ostentará o titular da mesma, mentres ocupe dito cargo, podendo utilizala coincidindo coa celebración de actos institucionais, solemnes ou calesquera outras ocasións e acontecemento oficiais e así se consideren en virtude da representación que ostentan.

3.- Como acompañamento da Medalla, o Concelleiro ou Concelleira poderá portar, segundo os casos, outras mencións honoríficas que estableza o Concello, como Insignia en categoría de ouro.

4.- Da Medalla do Concelleiro ou Concelleira, realizarase unha copia idéntica incluíndo no reverso o tratamento, nome e data da toma de posesión do titular, a quen se lle doará con carácter privativo en conmemoración do seu acceso ó cargo.

5.- Tras o seu cese como Concelleiro ou Concelleira, poderá seguir utilizando a Medalla a título individual, pero sen que elo prexulgue representación algunha. Esta doación leva implícita a entrega dun diploma ou pergamiño co texto alusivo ó cargo desempeñado no Concello de Monforte de Lemos e a data de entrega.

6.- A Medalla oficial de Alcalde ou Alcaldesa e de Concelleiro ou Concelleira permanecerá nas dependencias municipais, entregándolle copia a cada un ó comezo de cada un dos mandatos, na que se inscribirá a data da toma de posesión. Asemade, tamén permanecerán nas dependencias municipais o Bastón de Mando e o Libro de Honra do Concello.

BASTÓN DE MANDO.

Artigo 25. O bastón que tradicionalmente, portan na man os Alcaldes ou Alcaldesas con motivo de procesións, desfiles ou outros actos oficiais, independentemente do modelo que poida existir en cada momento, deberá ter na empuñadura unha peza metálica na que, na parte superior, reproduza o escudo oficial do Concello de Monforte de Lemos.

Este símbolo, ó igual que sucede coa Medalla de Alcalde ou Alcaldesa, entregarase durante o acto de constitución da Corporación Municipal, logo da proclamación como Alcalde ou Alcaldesa, correndo igualmente a cargo do presidente da mesa de idade efectuar a súa entrega. No suposto de que o/a Presidente/a da Mesa de idade sexa o/a mesmo/a que o Concelleiro/a que é elixido/a Alcalde/Alcaldesa, o bastón seralle entregado polo/a secretario/a da mesa de idade.

INSIGNIA.

Artigo 26. A insignia do Concello de Monforte de Lemos será a reprodución en miniatura do escudo oficial que figura na medalla e do mesmo material que esta.

TÍTULO III

DO/DA CRONISTA OFICIAL DA CIDADE

Artigo 27. O nomeamento de cronista oficial da cidade de Monforte de Lemos recaerá sobre persoas físicas que se distinguiron no seu labor de estudo, investigación e difusión dos temas relacionados co municipio.

Artigo 28. O carácter desta figura será honorífico, sen contraprestación económica algunha, gratuito e vitalicio, e as súas funcións terán carácter consultivo. Unicamente será resarcido polos gastos de desprazamento ou dietas, debidamente xustificadas, polo desempeño efectivo do labor desenvolvido.

Non obstante o carácter vitalicio do título, a persoa nomeada cronista oficial poderá cesar por decisión propia ou, en caso de incumprimento das súas obrigacións ou de

enfermidade que lle incapacite para o exercicio do mesmo, por acordo do Pleno do Concello. Nos dous últimos supostos, a revogación terase que adoptar mediante tramitación do expediente que se instruirá coas mesmas características e garantías que as do seu outorgamento.

Artigo 29. *A incoación do expediente para o nomeamento de Cronista Oficial da Cidade realizarase previa a tramitación dun expediente, iniciado por providencia da Alcaldía-Presidencia ou concellería en quen delegue. Acompañarase, a dita proposta de iniciación, unha memoria na que se especifiquen os méritos que concorren na persoa proposta, xunto coas recensións biográficas e, se as tivese, bibliográficas.*

Iniciado o expediente, procederase á instrución do mesmo, dirixida á acreditación e valoración dos méritos da persoa proposta, podendo solicitar cuantos informes, non vinculantes, considérense oportunos a entidades, asociacións ou colectivos sociais, sempre que estean arraigados no municipio. O expediente será informado polos servizos competentes en materia de cultura se fose requirido pola Alcaldía.

Tras a instrución do expediente e con carácter previo á resolución, darase audiencia do expediente á persoa proposta a fin de que manifieste a súa conformidade expresa coa concesión do título.

O título de cronista concederá o Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, e procederase a entrega do pergamiño do seu nomeamento, en acto solemne de honras e distincións que se celebre con posterioridade á data do seu nomeamento.

Artigo 30. *O título de cronista outorga os seguintes dereitos:*

- 1. Recibir do Concello un pergamiño oficial do nomeamento e distintivo do título.*
- 2. Asistir ós actos públicos que teñan interese para as súas funcións e que sexan organizados polo Concello.*
- 3. Acceder ós fondos do arquivo e das bibliotecas e hemerotecas municipais para a súa consulta e estudo, facilitando os medios materiais e técnicos necesarios. En todo caso, o acceso ós datos obrantes en expedientes e rexistros administrativos efectuarase nos termos que dispoña a lexislación vixente na materia.*
- 4. Recibir gratuitamente un exemplar de todas as publicacións editadas polo Concello desde o momento do seu nomeamento.*

Artigo 31. *O ou a cronista oficial comprométese a realizar as seguintes tarefas:*

- Redactar unha memoria anual que se denominará "Crónica da cidade de Monforte de Lemos", na que se recollan os principais acontecementos sociais,*

melloras da cidade, culturais, políticos e de todo tipo relacionados coa cidade, acaecidos durante o ano.

- *Asistir ós actos públicos que teñan interese para as súas funcións e que sexan organizados polo Concello.*
- *Emitir informes, cando sexa requirido para iso polo Concello, naquelas materias en que se xulgue conveniente, realizadas dentro do ámbito cultural do Concello de Monforte de Lemos.*
- *Propoñer ó Concello de Monforte de Lemos cantas actuacións considere procedentes, relacionadas co ámbito das súas funcións.*

TÍTULO IV

DA DENOMINACIÓN DE RÚAS, EDIFICIOS PÚBLICOS E MONUMENTOS

Artigo 32. *1. Poderá outorgarse a espazos públicos, rúas, edificios e monumentos, o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, ben sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor de Monforte de Lemos, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social, entre outros.*

2. Terase en conta na dedicación de rúas e edificios públicos a prohibición establecida no Artigo 2.

3. A denominación outorgarase polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa competente, con base nos informes e xustificacións que obren no expediente. Para a aprobación, será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente integran o Pleno.

4. No acordo de outorgamento, cando se trate de denominacións co nome dunha personalidade viva, facultarase ao Ilustrísimo/a Señor/a Alcalde/sa para fixar a data na que, en acto público, o distinguido procederá a descubrir a placa da honra concedida.

TÍTULO V

DA MENCIÓN HONORÍFICA ESPECIAL E OUTROS RECOÑECIMENTOS

Artigo 33. *1. O Concello de Monforte de Lemos, poderá conceder Mención Honorífica Especial a aqueles veciños/as que polas súas calidades, merecementos ou aptitudes, relacionadas co acontecer diario da Cidade ou con especiais circunstancias da súa propia vida, fáganse acredores da mesma.*

2. A mención farase pública en sesión plenaria, no momento da súa apertura, con exposición de motivos polo Alcalde/Alcaldesa, reflectíndose na acta da sesión e dándose traslado da mesma ao interesado/a ou aos seus familiares máis directos.

Acta pleno extraordinario e urxente 12.06.24

3. O procedemento para a súa concesión será o regulado no Capítulo III do Título I do presente Regulamento.

Artigo 34. A concesión de placas, diplomas, inscricións e outro tipo de agasallos institucionais, con carácter honorífico, de recoñecemento ou de agradecemento, será competencia do Alcalde ou Alcaldesa.

TÍTULO VI

DO REXISTRO DE HONRAS E DISTINCIÓNS

Artigo 35. Créase un Rexistro Municipal de Honras e Distincións do Concello de Monforte de Lemos, adscrito á Secretaria Xeral, no que se consignarán os méritos das persoas que reciban as medallas e nomeamentos. Este rexistro ten natureza administrativa e rexerese polas disposicións deste capítulo.

Artigo 36. Inscibiranse os acordos de concesión e os acordos de revogación.

Artigo 37. As inscricións no rexistro practicaranse sempre de oficio.

Artigo 38. Un extracto dos acordos da corporación outorgando calquera das honras e distincións que se regulan neste regulamento deberá inscribirse nun rexistro interoperable, que estará a cargo da persoa que ostente a titularidade da Secretaria Xeral do Concello.

Artigo 39. O Rexistro Municipal de Honras e Distincións é público. A consulta dos seus asentamentos realizarase de conformidade co disposto para o efecto pola normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 40. Poderanse expedir certificacións dos asentamentos do Rexistro Municipal de Honras e Distincións a instancia da cidadanía.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. Incorporación ó Rexistro de Honras e Distincións.

Unha vez creado o Rexistro de Honras e Distincións de conformidade co previsto no Título VI da presente norma, deberán incorporarse ao devandito rexistro as honras e distincións que se concederon polo Concello de Monforte de Lemos, con anterioridade á súa creación.

SEGUNDA. Consideración de altos cargos da Administración.

Para os efectos previstos no Artigo 2 do presente Regulamento, a consideración de alto cargo será a que se recolla nas normas estatais ou autonómicas sobre a materia,

que en ningún caso afectarán á Xefatura do Estado ou a aquelas outras institucións que non ostenten tal condición na súa normativa reguladora.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA. *Entrada en vigor.*

Este Regulamento de Honras e Distincións entrará en vigor, de conformidade co Artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ó día seguinte de publicala integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

SEGUNDO.-*Proceder á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia. “*

Tómase razón do mesmo ao non haber alegacións e elévase a definitivo.

4º.- NOMEAMENTO DE D. CARLOS FITZ-JAMES STUART E MARTINEZ DE IRUJO XIX DUQUE DE ALBA E XXIII CONDE DE LEMOS COMO FILLO ADOPTIVO DE MONFORTE DE LEMOS.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“1º.- Con fecha 06.06.2024 por esta Alcaldía se dictó el siguiente Decreto:

1º.- Iniciar la tramitación del procedimiento para el nombramiento de don Carlos Fitz-James Stuart y Martínez de Irujo, XIX Duque de Alba y XXIII conde de Lemos, como hijo adoptivo del Concello de Monforte de Lemos.

2º.- Nombrar instructora del procedimiento a la concejal de cultura doña Gloria María Prada Rodríguez.

2º.- Con fecha 06.06.2024 la instructora del procedimiento doña Gloria Mª Prada Rodríguez, dictó la siguiente Providencia:

Al objeto de cumplir con lo dispuesto en el art. 14 del reglamento de honores y distinciones del Concello de Monforte de Lemos, DISPONGO:

Que por la unidad de Cultura del Concello de Monforte de Lemos, se emita informe no que se poña de manifesto a concurrencia dos merecementos de don Carlos Fitz-James Stuart y Martínez de Irujo, XIX Duque de Alba y XXIII conde de Lemos e no que consten fidedignamente os feitos que motiven, no seu caso, a concesión da distinción de fillo adoptivo do Concello de Monforte de Lemos.

3º.- La unidad de Cultura, con fecha 06.06.2024, emite informe del tenor literal siguiente:

“Os días 28, 29 e 30 do presente mes de xuño, recibiremos en Monforte de visita oficial ó Duque de Alba e Conde de Lemos, Don Carlos Fitz-James Stuart y Martínez de Irujo, dous títulos nobiliarios, entre outros moitos dos que é titular, que pola súa importancia recaen no primoxénito/a dos herdeiros.

Os monfortinos ó longo da historia sentíronse orgullosos da grandeza da Casa de Lemos. Hoxe en día a cidade de Monforte é coñecida polo que representou e polo que representa en canto á historia e o legado cultural recibidos, moi en particular

Acta pleno extraordinario e urxente 12.06.24

do VII Conde de Lemos, recoñecido non solo en España senón tamén fora das nosas fronteiras dado que, entre outros moitos cargos, foi Virrei de Nápoles.

Se falamos de épocas máis recentes relacionadas coa Casa de Alba e Monforte, basta recordar a xenerosa donación da Duquesa de Alba e Condessa de Lemos, Dna. Cayetana Fitz-James Stuart, nai do actual Duque, ó pobo de Monforte cando cedeu os terreos que actualmente ocupa o Parque dos Condes e o estacionamento de dito parque.

Asemade, tamén interveu a Sra. Duquesa e Condessa, na adquisición por parte de Turespaña do Conxunto Monumental de San Vicente para convertelo en Parador Nacional de Turismo como un atractivo máis da nosa cidade do que todos podemos disfrutar.

En relación co aspecto cultural, temos na nosa cidade un magnifico edificio fundado polo Cardeal D. Rodrigo de Castro, fillo da III Condessa de Lemos e Colexio da Compañía de Jesús, que no seu día mandou facer o Cardeal para a ensinanza dos xóvenes da zona de Monforte. No seu testamento nomeou patróns (custodios) ós Condes de Lemos e ós seus descendentes.

Actualmente o Colexio do Cardeal está rexentado polos Pais Escolapios, que como de todos é coñecido, foi cedido por desexo do Duque de Alba e Conde de Lemos en 1873 e, ata que eles permanezan impartindo a ensinanza no colexio.

Neste monumento que rexentan os Escolapios, atópase unha espléndida pinacoteca, con obras, entre outras, do Greco, de Andrea del Sarto e do napolitano Azzolino, boa mostra da importancia deste monumento que no seu día o Cardeal bautizou como "Nuestra Señora de la Antigua" na honra dunha virxe da Catedral de Sevilla, da que era Arcebispo.

Por outra banda, contamos cun museo excepcional, coñecido en España e tamén en Italia, particularmente en Nápoles, que se encontra no Mosteiro das Nais Clarisas, fundado polos VII Condes de Lemos, D. Pedro Fernández de Castro e Andrade e Dna. Catalina de la Cerda e Sandoval, do que tamén son eles patróns.

Durante o Virreinato en Nápoles, os VII Condes de Lemos adquiriron gran cantidade de obras de arte, moitas delas destinadas ó Convento que pensaban fundar na nosa cidade. Na actualidade consérvase o conxunto de escultura napolitana en madeira do século XVII máis importante que hai fora de Italia, cuns bustos relicarios realizados polos mestres napolitanos. Podemos citar ós escultores Pietro Cuadrado e Giovan Battista Ortega, ademais de pintura italiana, praterías, pezas únicas de cristal, téxtiles, pezas de bronce de excelentes escultores, sen deixar de mencionar ó Cristo Xacente de Gregorio Fernández, adquirido pola VII Condessa cando regresou a Monforte.

Todo este elenco de obras que tanto prestixio dan á nosa cidade, débense á xenerosidade dos Condes de Lemos, e podemos dicir que en Monforte encóntrase un dos museos de arte sacro e de arte italiano dos séculos XVI e XVII, máis importantes de Galicia e de España.

Monforte sempre agradeceu ós Condes de Lemos este magnífico legado cultural e monumental a través do cal permanece ó longo do tempo unha relación moi positiva entre a Casa de Alba e Condado de Lemos co Concello de Monforte, e dado que se vai producir a visita de D. Carlos Fitz-James Stuart y Martínez de Irujo á nosa cidade, a criterio de quen subscribe reúne os motivos suficientes que esixe o Regulamento de Honras para mostrar o noso recoñecemento, concedéndolle por parte da Corporación o título de Fillo Adoptivo de Monforte de Lemos, que como dixo o actual Duque recentemente, é unha cidade que tanto aprecia e que “comprendereis que respete profundamente este título (Conde de Lemos) que los avatares del devenir histórico han puesto en mi camino, y lo amo como al que más de los que poseo”.

A criterio do técnico de Cultura que subscribe, é canto cabe informar. “

Con base no anteriormente exposto PROPOÑO que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Nomear a don Carlos Fitz-James Stuart y Martínez de Irujo, XIX Duque de Alba y XXIII Conde de Lemos, como hijo adoptivo del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.”

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van votar en contra. Di que é unha persoa noble, pero entenden que agora mesmo que se está buscando a igualdade entre as persoas non entenden esta pleitesía a esta persoa.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non saben que tiñan nova concelleira de Cultura D^a Gloria Prada, supón que sería un erro. Di que aquí se trae un informe, di que ao seu xuízo é un informe que ten algunha cousa inexacta como pode ser a titularidade do parque dos Condes, pero o informe fala da Casa de alba e fala dos Condes de Lemos, e a relación que ten con Monforte. Fala dunha persoa que é título a título personal unha persoa de 76 anos que nunca pisou Monforte e unha persoa que non ten merecemento persoal para tal distinción, cando se fala dun fillo adoptivo fálase de algunha persoa que vive entre nós e que fai un ben na sociedade. Unha persoa que nin naceu en Monforte nin pisou Monforte, para eles parécelle inmerecido. Di que nos tempos que se viven roza o antidemocrático xa que nisto se vulnera a igualdade entre persoas, máis aló de nacer nunha casa, respecta a decisión dos demais non poden compartila e eles van votar en contra. Di que saiba a prensa antes que ía haber un pleno extraordinario antes que eles, eles non van participar nese pleno extraordinario do día 29.

Intervén D^a Katherinie Varela di que é certo que a Casa de Alba herdeou de rebote o título, non é unha familia que teña moita vinculación con Monforte. Di que esperan que isto poda ser positivo dunha maneira adecuada, se isto se publicita a nivel falego e nacional, pero ter un beneficio, di que eles son respectuosos coas tradicións, por iso ao final teñen o título do condado de lemos, non é familia vinculada coa cidade, esperan que se podan derivar un beneficio desta visita e van estar pendentos delo, si van apoiar e esperan que se podan nomear a outras persoas que son máis merecedoras deste título.

SECRETARIA

Intervén o Sr. Alcalde dando as grazas a D^a Katherinie por apoiar. Monforte vais air nos medios de comunicación, que se promocióne a un coste practicamente cero, di que non lle van rendir ningunha pleitesía, e simplemente respecto. Dille a D. Emilio que vostede busca os detalles non hai ningún erro, a delegada de cultura non firma, pero a tenente alcalde que é coordinadora de goberno firma por ela, hai unha cousa que se chama firman por ausencia por substitución, polo tanto non hai ningún erro. Isto é unha distinción honorífica. Hoxe temos o parador e vai en beneficio de Monforte. Este señor vai recibir unha distinción de fillo adoptivo de Monforte igual que a recibiu D. José Cuiña ou a Sra. Otero que marchou de aquí aos 3 anos, e pasou toda a súa vida en Cataluña. Non hai ningunha desigualdade, así que de verdade estes argumentos que vostedes puxeron aquí, con todo o respecto do mundo, non son de peso para opoñerse ao nomeamento dunha distinción deste tipo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez tampouco o que di vostede, isto é arcaico e retrogrado, porque ven falar do parque dos Condes, a maiores fíxose unha contrapartida, co mesmo resepecto que lle teñen a Casa de Alba, poden fvtar en contra, soamente faltaba que utilizasen tamen os vestidos da feira medieval. Non sabe o horario das seis e media da tarde que é un horario de xente traballadora, gustaríalle sabelo.

Intervén D. Emilio José Sánchez desto se trata o pleno de debatir, para vostede non ten peso os seus argumentos, para o BNG non ten peso os méritos que pode ter esa persoa para ser nomeada, hai que diferenciar unha relación institucional entre a Casa de Alba, outra cousa é premiala con esta distinción que para eles non ten motivos suficientes aínda que vostedes os defendan. Di que entende perfectamente o contexto do que quede dicir, vostedes pensan que isto vai ser bo para Monforte a nivel mediático, pero tamén deberían respectar a decisión deles, esta iniciativa chascarrillos da para moitos, expoñen o seu voto e argumentalo. Cando falaba antes da concelleira de Cultura, saben que é a tenente alcalde quén firma, non dixo nada que non lera.

Intervén D^a Katherinie Varela di que vostede invitou a esa comida que non vai ser un gasto esaxerado que invitou aos voceiros, que a Corporación non é tan grande e ben pode ir toda a Corporación.

Intervén o Sr. Alcalde di que non vai entrar en cuestións que non veñan a cabo, se van mirar o de arcaico, o das seis e media da tarde vostede tiña que ler o ROF, vostede non o sabe senón non diría isto, non sabe o motivo pero era así, pode convocar o alcalde cando queira. Cando vostede deixe este "jovi", da o mesmo que se informe que non se lle informe fai o mesmo. Dille a D^a Katherinie que nos plenos extraordinarios non hai rogos e preguntas e logo o que vostede di non é verdade, é un pleno solemne que non hai debate, vostede como voceira esta convidada, pero que a forma de facelo é a que di. Farase entrega un certificado do Sr. Scretario será impreso nun papel distinto, un diploma conmemorativo, a medalla oficial da cidade de Monforte de Lemos e a insignia, será o día 29 ás once e media da mañá. O Concello de Monforte de Lemos dende 1894 ten o título de excelencia se vostedes collen os tratamentos protocolarios os Concellos como o noso, sería excelentísimo porque así o decidiu a reina María Cristina.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo municipal do BNG, e dous votos en contra do concelleiros do grupo municipal do BNG e do concelleiro do grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA

Remata a sesión ás dezanove horas e vinte minutos do mesmo día do que eu Secretario,
dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE